

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO**  
**CURSO: 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**  
**DATA: 13-05-2020**

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Expresarse de oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación con vocabulario preciso e estrutura coherente.	<p>LCB1.3.1 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.</p> <p>LCB1.3.2 - Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado.</p> <p>LCB1.3.3 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: Debates e diálogos. Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.</p>
B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, expositivos e persoais).	<p>LCB1.8.1 - Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.</p> <p>-LCB1.8.2 - Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais.</p> <p>LCB1.8.3 - Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.</p>
B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente: recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.	LLCB1.10.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LCB2.2.1 - Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.

	<p>LCB2.2.2 - Comprende, con certo grao de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).</p>
<p>B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.</p>	<p>LCB2.3.2 - Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos.</p> <p>LCB2.4.2 - Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.</p> <p>LCB2.4.3 - Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto.</p> <p>LCB2.4.4 - Elabora esquemas a partir de textos expositivos.</p>
<p>B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas cuidando a caligrafía, orde e presentación.</p>	<p>CB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, .</p> <p>CB3.1.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p> <p>LCB3.1.3 - Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.</p>

<p>B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoo para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.</p>	<p>LCB3.2.1 - Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.</p> <p>LCB3.2.2 - Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.</p> <p>LCB3.2.3 - Reproduce textos ditados con corrección.</p> <p>LCB3.2.3 - Reproduce textos ditados con corrección.</p>
<p>B3.8. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.</p>	<p>LCB3.8.1 - Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.</p>
<p>B.4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>LCB4.1.1 - Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.</p> <p>LCB4.1.2 - Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos.</p> <p>LCB4.1.3 - Diferenza familias de palabras.</p>
<p>B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da</p>	<p>LCB5.2.1 - Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.</p>

<p>linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.</p>	
<p>B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais.</p>	<p>LCB5.4.1 - Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.</p>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: análise das producións do alumnado (producións orais e escritas), probas específicas e cuestionarios.</p> <p>Instrumentos: lista de control, producións escritas, cuestionarios pechados, portfolio e diario de aula.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>No cálculo da cualificación final, que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p><b>Cálculo da nota ordinaria:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telematicamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.</li><li>2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telematicamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.</li></ol>

3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telematicamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.

4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticas ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva.

5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.

Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado, tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.



<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>		
<b>Actividades</b>	<p>Realizaranse fundamentalmente actividades de repaso, reforzo, consolidación e ocasionalmente ampliación.</p> <p>Levaranse a cabo actividades para mellorar as habilidades lingüísticas: argumentación de ideas, análise crítico de textos, exposicións orais, producións escritas de diferentes tipos de textos, actividades de xestión da información (esquemas, mapas conceptuais, mapas mentais).</p>	
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>O alumnado deste nivel non mostra dificultades para conectarse pero si para o acceso a medios dixitais, de aí que se facilite un correo electrónico e se flexibilicen os tempos nas entregas co fin de atender ás diversas casuísticas.</p> <p>Traballarase de forma globalizada na procura de que o desenvolvemento integre todas as áreas do saber e do ser, evitando a parcelación dos coñecementos.</p> <p>Trataremos de xerar aprendizaxes significativas partindo dos intereses do alumnado, as súas concepcións previas e contextualizado centrándose na funcionalidade dos coñecementos e a súa aplicación en contextos da vida cotiá.</p> <p>Seguirase traballando e potenciando a <b>competencia en aprender a aprender</b> : identificar a necesidade de información, localizala, seleccionala, recoñecer as fontes de información; atopar sentido ao traballo a realizar, coñecer os obxectivos e finalidades do mesmo, tomar consciencia dos erros e busca de recursos para superalos.</p> <p>Potenciar as <b>habilidades de pensamento</b> para desenvolver no alumnado o razoamento formal e a reorganización dos seus coñecementos e favorecer as competencias básicas.</p> <p>Facilitar e potenciar a participación de todo o alumnado tanto na toma de decisións, como nas intervencións, expresións de ideas, escoita, resolución de problemas e conflitos.</p>	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 13	CENTRO: CURSO: MATERIA:

	<p>Porase en práctica o modelo da <b>aula invertida (Flipped Classroom)</b> para que o alumnado traballe de forma autónoma os contidos que se reforzarán, a <i>posteriori</i>, nas videoconferencias. Para isto valerémonos de distintas ferramentas <b>TIC</b>, potenciando a utilización de contornas virtuais de aprendizaxe (PLE) como a aula virtual da Consellería.</p> <p>Introduciranse prácticas de ludificación na aula, utilizando recursos do xogo no contexto educativo (xogos online, actividades interactivas, snappet,...).</p> <p>Darase especial importancia a que o alumnado realice producións propias, tanto orais como escritas, co fin de valorar se é quen de integrar os diferentes contidos traballados e trasladalos á práctica.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Empregaranse recursos variados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- De elaboración propia: apuntamentos, video titoriais, creación de tarefas para a aula virtual, recursos creados en learning apps, quizziz.</li> <li>- A aula virtual para realizar un seguimento da participación do alumnado a través da creación de tarefas variadas.</li> <li>- Videoconferencias semanais para realizar un seguimento máis personalizado e atender as dúbidas que presente o alumnado, así como a explicación das diferentes tarefas.</li> <li>- Recursos da Web 2.0.: Quizziz, learning apps, lively worksheets.</li> <li>- Actividades LIM do repositorio Abalar.</li> <li>- Recursos interactivos facilitados por diversas editoriais.</li> <li>- Uso da aplicación Snappet.</li> <li>- Recompilación de diferentes Webs educativas.</li> </ul>



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Empregarase a aplicación Abalar móbil e chamadas telefónicas para as comunicacións directas coas familias.</p> <p>Ó mesmo tempo, utilizaremos os servizo de mensaxería da aula virtual, o Padlet da aula (xa presentado na reunión de comezo de curso ás familias) e o correo electrónico para facilitar a entrega de tarefas e a difusión de información xeral.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación na páxina web do centro.</p> <p>Informaremos ás familias por Abalar Móbil. Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.</p> <p>Na secretaría do centro, as familias que non teñan acceso a internet, poderán consultar, con cita previa, o documento impreso.</p>